

PUNTO DE INTERCAMBIO DE LIBROS

Estará habilitado un *PUNTO DE INTERCAMBIO DE LIBROS*

- ✓ Podes deixar un libro teu e levar outro dos que estea dispoñible.
- ✓ Antes de deixar un libro, ponlle un adhesivo recordatorio da VII XORNADA DE CLUBS DE LECTURA na que participaches.
- ✓ Revisa se o libro que levas tamén ten o adhesivo.

Os formadores de lectores poden contribuir a mellorar o estado do mundo con maior eficacia na medida en que a súa actuación está sustentada nun saber crítico, que se cuestione polas súas propias condicións de existencia.

Daniel Goldin



10.15 h.:

LUÍS GONZÁLEZ MARTÍN

Os mediadores e a soidade do lector.



A transformación do ecosistema da lectura – ou da contorna na que os lectores acceden, practican e comparten a lectura, xunto con todas as institucións que o fan posible – suscita a necesidade de achar un novo sentido ao que facemos por achegar ás persoas á lectura e á escritura, así como oportunidades e ameazas para a liberdade de ler. As leccións que temos aprendido nas investigacións que realizamos na Fundación Germán Sánchez Ruipérez leváronnos a experimentar cunhas novas solucións en tres frentes: a socialización, a mediación e os espazos para a lectura.

Director Xeral Adxunto da Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Entre 1999 e 2004 foi Subdirector Xeral de *Promoción del Libro, la Lectura y las Letras Españolas* do Ministerio de Educación e Cultura. Durante esta etapa tivo a responsabilidade da posta en marcha do Plan de Fomento da Lectura 2001/2004. En 2011 lanzou a web *Lecturalab* desde a Fundación GSR, unha revista dixital sobre as transformacións do libro e a lectura. En 2013 deseñou e botou a andar *Canal Lector*, un portal para a recomendación de literatura infantil e xuvenil e outros recursos para mediadores. En 2014 creou *Lectyo*, a comunidade da xente da lectura. Foi Vicepresidente do Comité de alfabetización e lectura da Federación Internacional de Editores. Ten realizado asesorías para diferentes gobernos de Europa e Latinoamérica e para organismos internacionais.

Blogues dos clubs de lectura: **LER EN MANCOMÚN**

<http://lerenmancomun.blogspot.com>



LIBROS A EITO (banco de libros)

<http://librosaeito.blogspot.com>



Bibliotecas
escolares
de Galicia



<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>



centro autonómico
de formación e innovación

<http://www.edu.xunta.es/web/cafi/7>

**12.00 h.: Mesa de experiencias
Unha visión sobre as lectoras e os
lectores dos clubs de lectura e o
papel da persoa mediadora.**

- ✓ **M^a Xesús Sarmiento.** IES San Mamede (Maceda, Ourense)
- ✓ **Susana Losada.** IES de Melide (Melide, A Coruña)
- ✓ **Gracia Santorum.** IES Pintor Colmeiro (Silleda, Pontevedra)
- ✓ **Ana Belén Durán.** IES Xograr Afonso Gómez (Sarria, Lugo)

Esta mesa de experiencias está pensada para que cada unha das persoas que a compoñen faga unha reflexión sobre o perfil das lectoras e dos lectores que compoñen os diferentes grupos de lectura, da súa evolución, das competencias que desenvolven, e do papel que xogan no centro educativo a prol da lectura. Así mesmo, pídeselles a súa visión sobre o papel da persoa mediadora nestes grupos de lectura, a evolución que foron vivindo nestes anos, as conclusións a partires da súa experiencia...



**16,00h.: Temáticas, xéneros e outras
formas de agrupar lectores e atender aos
seus intereses.**

(Reunións por eixos temáticos e interese dos asistentes)

Sala Moderador/a	Tema	Contido
Auditorio Manuel Gago culturagalega.org	Narrativas transmedia e literatura galega	As barreiras entre soportes son cada vez máis difusas e o consumo cultural combina formatos audiovisuais, interactivos, textuais e gráficos con facilidade. Desde a <i>Guerra das Galaxias</i> ou o <i>Señor dos Aneis</i> , ata a recentes fantasías para adultos como <i>Xogo de Tronos</i> ou series como <i>Lost</i> ou <i>24</i> , numerosos lectores combina a súa experiencia en universos narrativos coas versións, adaptacións e prolongacións destes en diferentes soportes.
Sala 2 Max.50 persoas Miguel Vázquez Freire IES Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)	Clubs temáticos (ciencia, filosofía, música...)	Existen varios clubs de lectura que contan con grupos temáticos arredor dunha determinada disciplina (ciencias, filosofía das ciencias, filosofía, música...). A partir dun exemplo concreto convidase ao profesorado a compartir a súa experiencia neste ámbito.
Sala 11 max. 50 persoas Anxos Rial IES de Poio (Poio)	Clubs de lectura e xéneros literarios	A poesía, a banda deseñada, o teatro, son xéneros que os grupos de lectura gustan de escoller, ademais da narrativa, para ampliar a bagaxe lectora do alumnado. A partir dun exemplo concreto convidase ao profesorado a compartir a súa experiencia neste ámbito.
Sala 14 max. 35 persoas Miguel Fdez. Blanco IES de Valga	Clubs de lectura de adultos	Un 25% dos clubs de lectura contan cun grupo de lectura de adultos (profesorado, familias, persoal non docente...). Trátase de compartir experiencias e propostas, así como de extraer conclusións sobre a pertinencia destes grupos de lectura.
Sala 17 Max. 50 persoas M ^a Henar Pascual IES República Oriental do Uruguai (Vigo)	Lectura e alumnado con necesidades específicas	A fórmula dos clubs de lectura (as tertulias dialóxicas) poden servir para traballar a competencia comunicativa co alumnado con necesidades específicas. Cómpre introducir, ademais, o concepto de "Lectura fácil", para ir ampliando oportunidades para o alumnado.

**17,45 h.: PEDRO FEIJOO
A soas cos lectores, esa pequena maioría**



Unha charla sobre a recuperación do contacto coa grande masa lectora galega, tanto tempo esquecida (ou mesmo desprezada) polas elites intelectuais galegas, por medio de elementos normalizadores como os best-sellers, e a miña experiencia, tanto dentro do sistema literario galego como cos clubs de lectura.

Escritor. Licenciado en Filoloxía Galega. No ano 1997 publicou o seu primeiro libro, *Cousas do «Galicia», por Castelao*, ensaio no que se explica a importante relación do autor de Rianxo co xornal vigués que dirixiu Valentín Paz-Andrade entre os anos 1922 e 1926. No ano 2005 publicou *Viva o Fu Remol!* (Xerais), unha crónica desde a que se tenta botar unha pouca luz sobre os moitos problemas dos que adoce o panorama musical galego. En 2011 publicou o relato *O segredo do viaduto* no libro XII Certame Literario de relatos curtos *Os Viadutos* (Xerais 2012). Como novelista publicou *Os fillos do mar* (Xerais 2012, Premio «Arcebispo Juan de San Clemente» 2013, 6^a edición), traducida ao castelán por Espasa, e *A memoria da choiva* (Xerais 2013, 2^a edición)